

Referencia:	2021/16827A
Procedemento::	Expedientes de toma de posesión, cese de deputados y registro de intereses
Interesado:	CONCELLO DE OURENSE
Representante:	
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (493)	

PROPUESTA DE RESOLUCIÓN

Renuncia de don José Miguel Caride Domínguez ao cargo de deputado provincial.

Mediante comunicación con NRE 49500 de data 07.12.2021, a Secretaría Xeral do pleno do concello de Ourense ven de trasladar a certificación do acordo do pleno dese concello, polo que se toma coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro do dito concello formulada por don José Miguel Caride Domínguez, que ocupaba igualmente o cargo de deputado provincial nesta Corporación.

De conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a renuncia debe facerse efectiva por escrito ante o Pleno, tendo a toma de razón da renuncia polo dito órgano a condición dun requisito de eficacia.

A Xunta Electoral Central, na súa instrución de data 10 de xullo de 2003, relativa á substitución de cargos representativos locais, ten establecido que no caso de que a vacante se produza no cargo de deputado ou deputada provincial, a correspondente Corporación poñerao en coñecemento da Xunta Electoral competente para os efectos previstos no artigo 206 da LOREG.

A Xunta Electoral Central, no seu acordo de 19 de xullo de 1996 sostén que pola súa propia natureza a renuncia do cargo electo debe figurar como primeiro punto da orde do día.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente, proponse que por parte do Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don José Miguel Caride Domínguez, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición da credencial do deputado ou deputada provincial suplente ou do que resulte proclamado, consonte co procedemento previsto no artigo 206 da LOREG, para, previos os trámites oportunos, a toma de posesión na próxima sesión.

Asinado electrónicamente por JOSE
MANUEL BALTAR BLANCO
Presidente da Deputación de Ourense
09/12/2021 - 10:48:30